



O 2 de maio celébrase o X Día Galego da Caza

O vindeiro 2 de maio terá lugar a décima edición do **Día Galego da Caza**, no Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, coincidindo co Salón de Caza, Pesca e Tempo Libre, no que tamén estará presente a Federación cun stand para atender a cantos cazadores se queiran achegar a visitalo.



O **Día Galego da Caza** consiste nunha cerimonia ao longo da cal fáise entrega dos **Premios Galegos da Caza**, que pretenden recoñecer os méritos de cazadores, sociedades de caza, entidades e medios de comunicación, entretanto, que máis teñen contribuído no bienio 2007-2008 ó desenvolvemento da actividade cinexética, rematando cun xantar de confraternidade que trata de fomentar o espírito de unión entre os cazadores galegos.